

A CIG-Ensino volveu esixir que a Xunta elimine as desigualdades na FP na negociación do complemento compensador de 146,93 euros para o PTFP extinguir

Na Mesa Sectorial celebrada o 22 de marzo pediulle á Consellaría que iguale os dereitos retributivos tamén de quen vai pasar ao novo corpo de profesorado especialista de sectores singulares da FP tanto de forma fixa como temporal. Así mesmo, para o sindicato maioritario no ensino público galego os efectos retroactivos no cobro do mesmo salario para quen está a desempeñar o mesmo traballo deben ser desde a entrada en vigor da LOMLOE ou desde que unha persoa comezou a traballar, se foi con posterioridade. Aproveitou para insistirle á Consellaría que destine os fondos que están a vir para a Formación Profesional para o verdadeiro artífice do seu éxito: o colectivo docente.



A CIG-Ensino volveu esixirle á Consellaría de Educación que **elimine as discriminacións entre o profesorado de FP** na mesa de negociación na que se debateu a Orde que rexe o procedemento para que **o colectivo de PTFP, a extinguir, formado por 665 persoas en Galiza, cobre un complemento equiparador de 146,93 euros ao mes**, con respecto ao profesorado que pasa ao corpo de Secundaria. Na proposta que formulou a CIG-Ensino sobre o propio texto, [e que se pode consultar nesta ligazón](#), hai varios eixos que inciden nesta demanda de igualdade:

- En primeiro lugar non parece razoábel que a Consellaría só aplique este complemento compensador cunha foto fixa a día de hoxe a quen queda como funcionariado de carreira a extinguir no corpo de PTFP e **se lle vete a mesma retribución a quen vai formar parte do novo corpo de PESSFP das 10 especialidades** que o conforman. O 1 de setembro de 2023, que é a data na que segundo o borrador presentado pola Consellaría se vai facer efectivo este complemento, **habrá 50 novos compañeiros e compañeiras que veñan de obter praza nos procedementos de estabilización e que quedarán á marxe deste complemento, ao igual que todo o persoal interino e substituto destas 10 especialidades que traballe o vindeiro curso**. A CIG-Ensino propuxo unha modificación do texto da Orde neste sentido, insistindo en que o complemento equiparador **debe ser de aplicación a todo o persoal que forme parte no futuro do corpo de PESSFP** e incidindo en que **a diferenciación entre persoal fixo e temporal vai en contra do ditaminado pola xurisprudencia europea** e que rematará nun proceso de xudicialización de non haber vontade política para resolver esta discriminación.

A CIG-Ensino tamén fixo mención específica a que, ao igual que o resto de complementos salariais que abona a Consellaría de Educación ao seu persoal docente, se incorpore no texto desta Orde **a súa revalorización anual nos Orzamentos Xerais da Xunta**. Igualmente pediuse expresamente que **tamén se iguale a percepción dos trienios**.

- **Efectos retroactivos para todo o persoal de FP coas mesmas condicións.** Outra das cuestións que está nas mans da Consellaría resolver, e que só rectificou timidamente, é a data de efectividade económica tanto do complemento para quen non pode integrarse como de quen, tendo titulación universitaria, está a piques de facelo. Non parece tampouco de recibo que a administración decidira só pagarlle con retroactividade a quen cumpría os requisitos para pasar ao grupo A1 e se xubilou no período que vai desde a entrada en vigor da LOMLOE até a publicación da Orde de integración. Esta decisión, que a CIG-Ensino considera acertada, queda curta e, tal e como lembrou o secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, na súa intervención na Mesa Sectorial, *“o que ten que facer a Consellaría é recoñecer por igual a contribución do persoal de FP ao bo desenvolvemento destas ensinanzas, a quen estivo en activo até agora e a quen seguirá nos próximos anos”*. Polo tanto, a central sindical propuxo directamente incluír no articulado da Orde que **se lle paguen os atrasos desde o 19 de xaneiro de 2021 a quen traballaba como persoal interino nesa data, tanto se se vai integrar nas 19 especialidades que pasan ao corpo de PES como a quen queda no corpo de PTFP a extinguir como a quen pasará a formar parte a partir do 1 de setembro de 2023 do corpo de PESSFP**. Neste sentido, a CIG-Ensino lembrou que xa está presentado recurso xudicial tanto individual como do propio sindicato para que quen aprobou as oposicións en 2021 e pasará agora ao corpo de PES vexa recoñecido o ano de prácticas a todos os efectos e os mesmos pasos se darán co persoal interino.
- **Profesorado especialista de especialidades de FP propias da Consellaría de Educación.** Hai nestes intres **12 especialidades** que a Consellaría de Educación foi creando nos últimos anos para dar saída ás necesidades que se producían na Formación Profesional de profesorado especialista que nunca tivo oposicións e que

formaban parte do corpo de PTFP. A Consellaría vén de incluír estas especialidades na Orde que regula os destinos provisionais no corpo de Profesorado de Ensino Secundario, unha decisión que a CIG-Ensino comparte pero que debe vir acompañada dun recoñecemento igual que o resto de compañeiros e compañeiras que pasan ao grupo A1. **A CIG-Ensino non se esquece destas 73 persoas**, segundo un estudo realizado polo sindicato a partir dos datos proporcionados pola Consellaría, e reclama que cobren tamén de forma retroactiva o que lles correspondería desde que comezaron a traballar ou desde xaneiro de 2021.

Distribución do profesorado afectado	Funcionariado de carreira	Persoal interino	Total
Profesorado das 19 especialidades que se integran en PES	1008	374	1382
Profesorado técnico a extinguir	665	173	838
Profesorado noutras especialidades	13	60	73
Profesorado xubilado entre xaneiro do 21 e a data de inicio do proceso de integración en PES	44		44
Total	1730	607	2.293

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal